



**ASUNTO: SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE, E PREVENCIÓN DE RISCOS, NAS OBRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DESENVOLVIDAS POLA OFICINA TÉCNICA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUTURAS, ENXENERÍA E SERVIZOS (OTMAIES)**

**EXPEDIENTE Nº: 2024/ABS/000006**

**INFORME DE APRECIACIÓN DE OFERTAS CON PRESUNCIÓN DE VALORES DESPROPORCIONADOS.**

Unha vez realizada a apertura do sobre electrónico B do concurso de referencia, en Mesa de Contratación celebrada con data 11/09/2024, e admitidas todas as ofertas presentadas polos dez licitadores que presentaron propostas, por parte de quen subscribe procedeuse á comprobación de existencia de ofertas anormais ou desproporcionadas con arranxo aos criterios dos pregos polos que se rexe o contrato.

Nas táboas que se achegan a continuación, detállase o procedemento seguido de acordo con la “Especificación de parámetros para apreciar ofertas con presunción de valores desproporcionados ou anormais” incluída na documentación do concurso.

De esta forma, no primeiro cálculo atópase que a baixa efectiva das ofertas presentadas polas firmas: AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL SL, FACILITA INGENIERÍA SL, TEPRIL SL e TÉCNICA Y PROYECTOS SA, son inferiores en máis de seis puntos porcentuais á media aritmética da totalidade de baixas efectivas, polo que se procedeu a un recálculo excluindo esas ofertas.

Do novo cálculo resulta que a baixa efectiva da oferta presentada por INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD SL, supera en máis de seis unidades porcentuais a media das baixas efectivas, polo que se atopa en presunción de oferta desproporcionada.

En consecuencia, considera quen subscribe que debe procederse de acordo cos pregos e requirir á amentada entidade para que xustifiquen a viabilidade da súa oferta.

Consonte co artigo 149, apartado 4, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, requirirase aos licitadores para que xustifiquen e detallen polo miúdo o baixo nivel dos prezos, custes, ou calquera outro parámetro en base aos cales se teña definida a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes a estes efectos.

Concretamente, a mesa de contratación, ou no seu defecto o órgano de contratación, poderá pedir xustificación a estes licitadores sobre aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel del prezo ou custes da mesma e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

- a) O aforro que permita o procedemento de prestación dos servizos.
- b) As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para prestar os servizos.
- c) A innovación e orixinalidade das solucións propostas para prestar os servizos.
- d) O respecto de obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201.
- e) Ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

En Pontevedra, en data sinalada na firma electrónica



**CÁLCULO OFERTAS DESPROPORCIONADAS**

	OFERTA	BAIXA
1 AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	0,6400	20,00%
2 ATENEA SAU	0,4800	40,00%
3 FACILITA INGENIERÍA, S.L.	0,7500	6,25%
4 INCOPE CONSULTORES, S.L.	0,5400	32,50%
5 INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.	0,4700	41,25%
6 INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	0,6000	25,00%
7 PREVISOR, S.L.	0,4890	38,88%
8 SEGURINCO, S.L.	0,5300	33,75%
9 TEPRIL, S.L.	0,7000	12,50%
10 TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	0,6500	18,75%
<b>BAIXA MEDIA</b>		26,89%
<b>BAIXA MEDIA + 6%</b>		32,89%
<b>BAIXA MEDIA - 6%</b>		20,89%

	OFERTA	BAIXA
2 ATENEA SAU	0,4800	40,00%
4 INCOPE CONSULTORES, S.L.	0,5400	32,50%
<b>5 INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L.</b>	<b>0,4700</b>	<b>41,25%</b>
6 INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	0,6000	25,00%
7 PREVISOR, S.L.	0,4890	38,88%
8 SEGURINCO, S.L.	0,5300	33,75%
<b>BAIXA MEDIA</b>		35,23%
<b>BAIXA MEDIA + 6%</b>		41,23%

